

Manifesto do Día da Discapacidade 2020



Manifesto do Día da Discapacidade 2020

O 3 de decembro é o Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade.

Este 2020, o coronavirus fixo mucho dano. Moitas persoas morreron ou enfermaron. Outras perderon o seu traballo.

As persoas que máis sufriron o coronavirus foron as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade e as súas familias queremos participar na reconstrución.

É dicir, queremos opinar e que se nos teña en conta ao arranxar todo ese dano que fixo o coronavirus.

A reconstrución debe ter en conta tamén a quen máis solemos esquecer:

- As mulleres e as nenas con discapacidade.
- As mulleres que coidan ás persoas con discapacidade.

Propoñemos 10 ideas:

- 1.** O Goberno prepara un plan para a reconstrución.
En ese plan, debe poñer 300 millóns de euros para apoiar ás persoas con discapacidade.
- 2.** Os dereitos sociais deben estar máis claros na Constitución.
A Constitución é a lei máis importante de España.
Algúns exemplos de dereitos sociais son o dereito á vivenda ou ao traballo.
- 3.** Crear 200 mil traballos para as persoas con discapacidade.
- 4.** Asegurar a accesibilidade universal.
Por exemplo: que nos edificios haxa ascensores.
Poñer a accesibilidade cognitiva nas leis.
Así será obrigatorio facer as cousas máis fáciles de entender.
Por exemplo: as persoas con discapacidade intelectual poderán entender mellor as noticias.

- 5.** Contar con apoios para que podamos elixir onde e con quen vivir.

- 6.** Contar con apoios tamén en outros temas: a educación, o traballo ou a saúde, por exemplo.

- 7.** Mellorar a saúde para que atenda mellor ás persoas con discapacidade.

- 8.** Apoiar ás familias.
Son as que sempre están aí cando hai dificultades.

- 9.** Facer a tecnoloxía accesible.
Por exemplo: que sexa máis fácil de usar e que todas e todos poidamos tela.

- 10.** Ter en conta tamén ás persoas que viven no campo e tamén o importante que é coidar o planeta.